



GRUPO MUNICIPAL DE VILABOA

Cándido Rosendo Calvar, concelleiro do Grupo Municipal do BNG de Vilaboa, presenta a seguinte moción para o seu debate e aprobación, se procede, no Pleno do 26/11/08:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Consellería do Medio Rural leva adiante o programa anual do Plan Estratéxico de Infraestruturas do Medio Rural (PEIM) dirixido aos concellos co que pretende realizar obras que melloren a calidade de vida do rural e infraestruturas que permitan a xeración de riqueza.

Hai uns meses, a corporación ao completo de Vilaboa recibiu a petición dun grupo de veciños de Pazos e Nores que solicitaron que se programase a execución das obras para a construción da pista da Fontaiña na parroquia de San Adrián.

Os grupos municipais da corporación manifestaron a súa disposición a que estas obras se executasen dado que xa se levaba falando desde hai moitos meses atrás de levalas adiante.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte

ACORDO

- 1. O Concello de Vilaboa comunicará á Consellería do Medio Rural que se vai executar a obra da pista da Fontaiña na parroquia de San Adrián dentro do programa PEIM 2009.**
- 2. O Concello realizará a valoración económica desta obra para enviarlla á devandita consellería, desglosándoa en varias anualidades se a cantidade asignada non cubrise todo o proxecto.**
- 3. O Grupo de goberno, en colaboración cos demais grupos, realizará todas as xestións para remover os posibles atrancos que puidesen aparecer antes e despois do inicio dos traballos.**

Vilaboa, 26 de novembro de 2008

Cándido Rosendo Calvar

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE VILABOA